

PRO PON TE LOS



OBJETIVOS DE DESARROLLO
DEL MILENIO
www.objetivosdelmilenio.com

► OS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO DO MILENIO

Os ODM: No ano 2000, 189 xefes de Estado e de Goberno asinaron a *Declaración do Milenio* comprometéndose a traballar xuntos para alcanzar os *Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM)* e **acabar coa pobreza extrema** no mundo antes de 2015.

Ademais de ser un compromiso sen precedentes, os oito ODM marcan unha folla de ruta para o desenvolvemento no que o progreso se mide a través dunha serie de metas e indicadores, con datas límite para o seu cumprimento.



Os 8 ODM son:

ODM 1




Erradicar a pobreza extrema e a fame.

ODM 2



Lograr o ensino primario universal.

ODM 3



Promover a igualdade entre os sexos e a autonomía da muller.

ODM 4



Reducir a mortalidade infantil.

ODM 5



Mellorar a saúde materna.

ODM 6



Combater o VIH SIDA, o paludismo e outras enfermidades.

ODM 7



Garantir a sustentabilidade ambiental.

ODM 8



Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento.

A través dos ODM os países ricos asinantes comprometéronse a achegar máis axuda ao desenvolvemento, a dar axuda de maior calidade, cancelar a débeda externa e establecer regras de comercio máis xustas.



EDUCACIÓN
SIN FRONTERAS

FINANCIADO POLO:

